

**INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES DE PONTEVEDRA**

*Prescripción de obrigas pendentes de pago na Tesouraría Municipal.*

**A N U N C I O**

A Presidencia do IMD do Concello de Pontevedra, en data 17 de setembro de 2012, ditou a seguinte resolución:

Primeiro: Aprobar definitivamente o expediente de anulación por prescripción de obrigas do Instituto Municipal de deportes do Concello de Pontevedra, comprensivo de 60 mandamentos por un importe total de 35.499,06 € de acordo co detalle contido na resolución de data 9 de marzo de 2012 (BOP nº 161 de 22 de agosto).

Segundo: Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, que servirá de notificación aos interesados de acordo co previsto nos artigos 58 e 59.5 da Lei 30/1 1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: Ordenar que se proceda á súa baixa en contabilidade.

*Recursos procedentes*

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao desta publicación, ao amparo do establecido no artigo 116.1 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 que modifica a primeira, ou ben o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta publicación, consonte ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a dereito.

Pontevedra, 17 de setembro de 2012.—O Presidente do IMD, Agustín Fernández González.

2012009075

**ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE****A N U N C I O**

A Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive, en sesión do 27 de xuño de 2012, aprobou as seguintes:

**BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE PARA O CURSO 2012/2013**

**BASE I.—CRÉDITOS ORZAMENTARIOS.**

Para a concesión destas axudas existe na partida orzamentaria 32.489 crédito suficiente por 2.000,00 €, que será o importe máximo que se poderá outorgar por esta liña de axudas.

Sen embargo, no caso que o importe total das axudas solicitadas sexa superior ao crédito anterior a Xunta Veciñal poderá acordar unha contía adicional cos requisitos e nos supostos previstos no artigo 58.2 RD 887/2006, de 21 de xullo.

**BASE II.—OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias do alumnado, de educación secundaria e baharelato, sempre e cando estes non gocen de subvención ou sexan cedidos por outras administracións. O outorgamento destas subvencións se realizarán en réxime de concorrencia competitiva de acordo cos criterios recollidos.

O concepto subvencionable será o material escolar, considerado este como aquel necesario para realizar as actividades que se desenvolvan ou se promovan no centro docente, como cadernos de soporte, material de papelería non reutilizable ou material de manualidades, libros de texto excluíndo expresamente os que sexan subvencionados ou cedidos por outras administracións

O importe das axudas por cada alumno non superarán en ningún caso o 100 % do gasto xustificado nin as cantidades seguintes:

Para alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria.....Ata 50,00 €

Para alumnos de Bacharelato .....Ata 60,00 €

### BASE III. – BENEFICIARIOS.

Terán dereito a percibir estas Axudas, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

1) Ser pai, nai ou titor/a dun/dunha alumno/a que este matriculado para o curso 2012/2013 nun dos cursos obxecto da axuda.

2) Que o solicitante das axudas e o/a alumno/a estean empadroados na Entidade Local Menor de Bembrive con anterioridade ao 1º de setembro de 2012.

3) Non ter débedas coa Entidade Local Menor de Bembrive.

4) Non superar os ingresos mensuais medios da unidade familiar nas seguintes cantidades.

Unidade familiar de dous membros: 798,76 € /mes

Unidade familiar de tres membros : 1.198,15 € / mes

Unidade familiar de catro membros: 1.597,53 € / mes

Unidade familiar de cinco membros: 1.996,91 €/mes

Unidade familiar de seis membros : 2.396,29 €/mes

Unidade familiar de sete membros : 2.795,67 €/mes

Para calcular os ingresos mensuais medios a efectos destas axudas, se terán en conta as cantidades recibida pola unidade familiar, en concepto de salario, alugueres, prestacións, pensións, etc.; descontando no seu caso, o importe do aluguer da vivenda ou a amortización do préstamo hipotecario de vivenda habitual, ata un máximo de 500 €. Se computarán os ingresos dos seis primeiros meses do ano 2012, sendo o ingreso mensual medio a media mensual resultante dos seis meses.

Considerase unidade familiar, a formada polo pai, nai titores ou persoas encargadas da garda e protección do menor e aqueles fillos solteiros do solicitante menores de 26 anos si estudian ou están desempregados, sen ter en conta aqueles outros que convivan no domicilio.

### BASE IV. – PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, PRAZO E DOCUMENTACIÓN.

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios da Entidade Local Menor de Bembrive e anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria, así como o prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse, segundo o modelo facilitado na Entidade, no prazo de 20 días, contando dende o día seguinte a publicación do anuncio no B.O.P., e as mesmas poderán presentarse no Rexistro da Entidade Local Menor de Bembrive ou nalgún dos lugares que permite o artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicaranse no taboleiro de anuncios da Entidade Local Menor de Bembrive, con expresión do alumno /solicitante/expediente/colexio/finalidade da subvención e resolución recaída.

Non se admitirá ningunha solicitude presentada fora de prazo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

Xunto coa solicitude e os anexos correspondentes, os interesados deberán de presentar os seguintes Documentos:

- 1) Copia do D.N.I. do solicitante, do cónxuxe, ou titores no seu caso.
- 2) Fotocopia do libro de Familia.
- 3) Fotocopias dos salarios dos seis primeiros meses do ano 2012 de todos aqueles membros da unidade familiar que perciban rendas do traballo. No caso de ser pensionista ou desempregado, achegarase o certificado do organismo correspondente. No caso de ser Autónomo, presentará segunda declaración trimestral do IRPF.
- 4) Xustificante de matrícula do/a alumno/a.
- 5) Orixinal das facturas detallada do material e, no seu caso xustificante de Anpa ou Centro Escolar do gasto realizado.
- 6) Vida laboral daqueles que formen a unidade familiar e aleguen estar desempregados, así como das amas de casa e as beneficiarias dunha pensión de viuvez ou de invalidez total.
- 7) Certificación bancaria ou fotocopia da cartilla bancaria do solicitante.
- 8) De ser o caso o xustificante de aluguer ou préstamo hipotecario da vivenda habitual.
- 9) Certificado de Convivencia do Concello de Vigo

Documentación a presentar pola Entidade Local Menor de Bembrive: Certificado expedido pola Tesourería da Entidade de non ter débedas coa entidade os titores legais do alumnado.

#### ***BASE V. – DISTRIBUCIÓN DAS AXUDAS.***

Cando os créditos totais non sexan suficientes para cubrir os importes máximos establecidos na Base III, se distribuirán a partes iguais entre todos os alumnos que acrediten reunir os requisitos establecidos nestas Bases, sen distinción entre os niveis educativos dos alumnos.

#### ***BASE VI. – OBRIGAS.***

Os solicitantes das subvencións quedan obrigados a:

- Cumprir coas estipulacións recollidas na Lei xeral de subvencións e normativa complementaria.
- Responder legalmente da veracidade da datos expostos e documentación presentada.
- Compromiso de comunicar tódalas axudas percibidas para o financiamento dos libros.

#### ***BASE VII. – PROCEDEMENTO.***

A xestión do procedemento administrativo se levará a cabo pola Vogal delegada de Protección e Promoción Social, Educación, Cultura e Deporte, Facenda, Réxime Interior e Participación Cidadá ao que iran dirixidas as solicitudes para acollerse ás presentes subvencións.

Unha vez rematado o prazo de presentación das mesmas, e revisada a documentación presentada, requirirase para presentar nun prazo improrrogable de 10 días a documentación necesaria para resolver o expediente. e de non facelo así, se desestimarás e se arquivará sen mais trámite o abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

A valoración das solicitudes se realizará por unha Comisión Técnica, coa seguinte composición:

- Presidenta: A Vogal delegada anteriormente citada.
- Vogais:

Unha traballadora Social nomeada pola Vogal delegada

O Secretario da Entidade Local Menor de Bembrive, que actuará ademais como Secretario da Comisión.

Unha vez valoradas tódalas solicitudes pola referida Comisión, elevarase a proposta de adxudicación á Vogal delegada competente e de ser o caso proporá unha ampliación de crédito conforme á Base I. A ampliación de crédito se entenderá rexeitada transcorridos catro mes desde a súa presentación, salvo que exista resolución expresa.

O prazo máximo para dictar resolución será de dous meses desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes. No caso de que exista proposta de ampliación de crédito este prazo será de catros meses máis.

Aprobada a proposta publicarase no taboleiro de anuncios a resolución recaída.

A Resolución da Vogal delegada porá fin a vía administrativa podendo os interesados interpor o recurso potestativo de reposición, ou no seu caso recurso contencioso administrativo nos termos recollidos na lexislación vixente.

**BASE VIII.—FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS FINS DAS SUBVENCIONS.**

Os gastos serán xustificadas mediante facturas orixinais ou outros documentos admitidos no tráfico mercantil de acordo coa lexislación prevista. Cando o abeiro do artigo 35 da lei 30/1992 de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e 171 do Regulamento de funcionamento organización e réxime xurídico das entidades Locais (R.D. 2568/1985 de 26 de novembro) soliciten o desglose das facturas orixinais do expediente, procederase o mesmo deixando copia compulsada no expediente. En caso de que se obtivera a axuda expresárase na factura o importe da axuda outorgada polo Entidade.

**BASE IX.—COMPATIBILIDADE.**

Serán compatibles estas axudas con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes públicos ou privados, sempre que o importe global das subvencións outorgadas non sexa superior o 100 %. Os beneficiarios das subvencións deberán comunicar á Entidade todas aquelas axudas solicitadas, as concedidas e o importe das mesmas.

**BASE X.—PROCEDIMENTO DE REINTEGRO DE SUBVENCIONS PERCIBIDAS.**

No caso que con posterioridade o pago dunha subvención se descubra que os beneficiarios non se atopaban nas condicións necesarias para acceder a elas, ou non xustificaran as cantidades xa percibidas en concepto de anticipo, estarán obrigadas a devolver as mesmas incrementadas no tipo de xuro do diñeiro, sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que dean lugar

**DISPOSICIONS FINAIS.**

En todo aquilo non regulado expresamente nestas bases, rexeráse polas disposicións xerais e normativa reguladora das subvencións.

Bembrive, 14 de setembro de 2012.—A Vogal Delegada, Concepción Martínez Rodríguez.

2012008743

---

---

## ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

### JUZGADOS DE PRIMERA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN

#### De Vigo

#### EDICTO

Doña Marta Gutiérrez Fidalgo, Secretaria del Juzgado de Instrucción número cinco de Vigo.

Doy fe y certifico: Que en los autos de juicio de faltas núm. 6/11 seguido en este Juzgado, obra comparecencia prevista por el art.13 de la LRCSCVM , cuyo texto es el que sigue:

"Comparecencia.—En Vigo, a dieciocho de septiembre de dos mil doce.—Ante S.S. con mi presencia la Secretaria Judicial, comparecen la Letrada doña Lúa Casanova Gómez y el Procurador don Manuel Lamoso Rey por Miguel Ángel Villar González, José Sardina Dozón, Sistemmovil, S.L., no constan citados y FIATC, citada , no comparece . Se acuerda la suspensión del acto por no costar la citación de denunciado y responsable civil subsidiario.

Se señala nuevamente el día dieciséis de noviembre las 12,15 horas para la celebración de la comparecencia prevista, quedando citados en este acto los comparecientes.

Cítese a los no localizados, a través del Boletín Oficial de la provincia, con lo anterior, se da por terminado el acto del que se extiende la presente que, leída, es hallada conforme por todos los asistentes, firmando conmigo en prueba de lo anterior, de lo que doy fe.

Y para que así conste y con su publicación en el Boletín Oficial de la provincia, sirva de citación a José María Sardina Dozón y al Representante legal de Sistemmovil, S.L., se expide el presente en Vigo a diecisiete de septiembre de dos mil doce.—La Secretaria Judicial, Marta Gutiérrez Fidalgo.

2012008883